



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 515
29 de xuño de 2023



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Resolución da Presidencia, do 28 de xuño de 2023, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 53855, 11/PL-000023) [198711](#)

■ Resolución da Presidencia, do 28 de xuño de 2023, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (doc. núm. 53884, 11/PL-000024) [198711](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de xuño de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia [54710 (11/PPLC-000008)] [198729](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de xuño de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia [54794 (11/PPLC-000009)] [198738](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

■ 54533 (11/PRE-018353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a evolución e as variacións nos últimos anos, así como a cuantificación de repoboacións e de orzamentos consignados, dos datos das especies arbóreas recollidas no Inventario Forestal de Galicia [198752](#)

■ 54537 (11/PRE-018354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta educativa en Formación Profesional e da diminución da modalidade de docencia presencial en favor da telemática [198755](#)



I 54547 (11/PRE-018355)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da habilitación de axudas para a compensación e prevención dos estragos meteorolóxicos no agro, así como no que atinxe á avaliación de danos deste ano e ao estudo e planificación para afrontar estes problemas relacionados co cambio climático [198758](#)

I 54557 (11/PRE-018356)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a porcentaxe de persoas menores de 65 anos con patoloxía psiquiátrica que están ingresadas nas residencias de maiores [198761](#)

I 54561 (11/PRE-018357)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre os datos referidos ás contías e aos concellos solicitantes e perceptores das subvencións da Xunta de Galicia para o fomento do emprego e da mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para os servizos de salvamento e socorrismo na convocatoria para o exercicio de 2023 [198764](#)

I 54562 (11/PRE-018358)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre os datos referidos ás contías e aos concellos solicitantes e perceptores das subvencións da Xunta de Galicia para o fomento do emprego e da mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais na convocatoria para o exercicio de 2023 [198766](#)

I 54568 (11/PRE-018359)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre o nivel de cumprimento e de seguridade ofrecido pola actual concesionaria dos servizos de salvamento marítimo, así como respecto das previsións do Goberno galego en relación coa introdución de melloras para aumentar a fiabilidade do servizo na seguinte contratación [198768](#)

I 54589 (11/PRE-018360)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre o mantemento da docencia presencial nos ciclos de Formación Profesional, os inconvenientes da modalidade telemática e as previsións da Xunta de Galicia respecto das últimas decisións referidas a esta materia [198773](#)

I 54622 (11/PRE-018361)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións e as medidas do Goberno galego respecto da transformación dos nosos destinos turísticos tendo en conta a dixitalización e a sustentabilidade [198775](#)



I 54627 (11/PRE-018362)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido ao prazo para a cobertura dunha vacante no cadro de facultativos do Centro de Saúde de Lousame, ás súas condicións e á información aos pacientes

[198779](#)**I 54652 (11/PRE-018363)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e 2 máis**

Sobre a situación en que se atopa o sector do metal da provincia de Pontevedra, a negociación do seu convenio colectivo e a implicación da Xunta de Galicia para acadar unha solución a través dunha mesa de diálogo

[198782](#)**I 54676 (11/PRE-018364)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da realización de estudos de necesidades, da solución á baixa execución orzamentaria e das políticas de formación de persoas desempregadas e ocupadas no contexto dos problemas do actual mercado laboral

[198786](#)**I 54681 (11/PRE-018365)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre a redución do número de camas e o aumento da listaxe de espera cirúrxica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo nos meses de verán, así como respecto das solucións a estes problemas

[198789](#)**I 54689 (11/PRE-018366)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o estado das infraestruturas de potabilización de auga de Betanzos, o control das verteduras ao río Mendo e á ría, os resultados das análises e das inspeccións, así como sobre as medidas tomadas para evitar deficiencias e as melloras previstas

[198792](#)**I 54727 (11/PRE-018367)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o número e relación de prazas ofrecidas ás persoas que superaron o proceso selectivo para o ingreso na escala de veterinaria, o número total de vacantes e os criterios da Xunta de Galicia para determinar as que se ofreceron

[198797](#)**I 54732 (11/PRE-018368)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o número de técnicos que hai en cada equipo técnico do menor (ETM) en Galicia e cantos había hai cinco anos

[198800](#)

I 54733 (11/PRE-018369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas de atención residencial dispoñibles en Pontevedra e cantas solicitudes hai en espera de programa individual de atención ou no programa de asignación de recursos [198801](#)

I 54734 (11/PRE-018370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas de atención residencial dispoñibles en Lugo e cantas solicitudes hai en espera de programa individual de atención ou no programa de asignación de recursos [198802](#)

I 54735 (11/PRE-018371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas de atención residencial dispoñibles na Coruña e cantas solicitudes hai en espera de programa individual de atención ou no programa de asignación de recursos [198803](#)

I 54736 (11/PRE-018372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas de atención residencial dispoñibles en Ourense e cantas solicitudes hai en espera de programa individual de atención ou no programa de asignación de recursos [198804](#)

I 54737 (11/PRE-018373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de programas individuais de atención (PIA) que se fixeron de oficio para cambiar solicitudes ou PIA resoltos a outro servizo ou libranza nos últimos dez anos [198805](#)

I 54738 (11/PRE-018374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de técnicos de inspección dependentes da Consellería de Política Social e cantos están dedicados á supervisión de centros de atención residencial e cantos aos centros de menores [198806](#)

Admisión da corrección e publicación do acordo**I 54299 (11/PRE-018332)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a obxectividade do Goberno galego e os seus criterios de puntuación no proxecto do Concello de Baiona dentro do Plan de sustentabilidade turística en destino, así como nos proxectos do Concello de Vigo [198717](#)



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.2 Composición da Deputación Permanente

Resolución da Presidencia, do 26 de xuño de 2023, pola que se admite a trámite o escrito da portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Deputación Permanente e nas Comisións parlamentarias (doc. núm. 54812) [198717](#)

Resolución da Presidencia, do 27 de xuño de 2023, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G.P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 54872) [198718](#)

2.2.9. Composición dos grupos parlamentarios

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de xuño de 2023, polo que se toma coñecemento do escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica a deputada que exercerá as funcións de portavoz adxunta do grupo [198719](#)

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 4 de xullo de 2023, ás 10.00 horas) [198720](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

VALEDOR DO POBO

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de xuño de 2023, polo que se toma coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que solicita que se proceda á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da Resolución, do 20 de xuño de 2023, pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo Económico-Financeiro [198724](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia, do 28 de xuño de 2023, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 53855, 11/PL-000023)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 54894, o escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia polo que solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 53855, 11/PL-000023).

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

- 1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 54894, presentado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.
- 2º. Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado, por cuarta vez, ata o día 4 de xullo de 2023, ás 18.30 horas.
- 3º. Dar conta desta resolución á Mesa e á Xunta de Portavoces.
- 4º. Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.
- 5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 28 de xuño de 2023, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (doc. núm. 53884, 11/PL-000024)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 54895, o escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia polo que solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (doc. núm. 53884, 11/PL-000024).



A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 54895, presentado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

2º. Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado, por cuarta vez, ata o día 4 de xullo de 2023, ás 18.30 horas.

3º. Dar conta desta resolución á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de xuño de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia [54710 (11/PPLC-000008)]

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 54710 (11/PPLC-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu



criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de xuño de 2023, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia [54794 (11/PPLC-000009)]

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 54794 (11/PPLC-000009)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rueda Valenzuela, Alfonso e 36 máis

Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de xuño de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 54533 (11/PRE-018353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a evolución e as variacións nos últimos anos, así como a cuantificación de repoboacións e de orzamentos consignados, dos datos das especies arbóreas recollidas no Inventario Forestal de Galicia

- 54537 (11/PRE-018354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta educativa en Formación Profesional e da diminución da modalidade de docencia presencial en favor da telemática

- 54547 (11/PRE-018355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da habilitación de axudas para a compensación e prevención dos estragos meteorolóxicos no agro, así como no que atinxe á avaliación de danos deste ano e ao estudo e planificación para afrontar estes problemas relacionados co cambio climático

- 54557 (11/PRE-018356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a porcentaxe de persoas menores de 65 anos con patoloxía psiquiátrica que están ingresadas nas residencias de maiores

- 54561 (11/PRE-018357)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos ás contías e aos concellos solicitantes e perceptores das subvencións da Xunta de Galicia para o fomento do emprego e da mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para os servizos de salvamento e socorrismo na convocatoria para o exercicio de 2023

- 54562 (11/PRE-018358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre os datos referidos ás contías e aos concellos solicitantes e perceptores das subvencións da Xunta de Galicia para o fomento do emprego e da mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais na convocatoria para o exercicio de 2023

- 54568 (11/PRE-018359)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o nivel de cumprimento e de seguridade ofrecido pola actual concesionaria dos servizos de salvamento marítimo, así como respecto das previsións do Goberno galego en relación coa introdución de melloras para aumentar a fiabilidade do servizo na seguinte contratación

- 54589 (11/PRE-018360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o mantemento da docencia presencial nos ciclos de Formación Profesional, os inconvenientes da modalidade telemática e as previsións da Xunta de Galicia respecto das últimas decisións referidas a esta materia

- 54622 (11/PRE-018361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións e as medidas do Goberno galego respecto da transformación dos nosos destinos turísticos tendo en conta a dixitalización e a sustentabilidade

- 54627 (11/PRE-018362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido ao prazo para a cobertura dunha vacante no cadro de facultativos do Centro de Saúde de Lousame, ás súas condicións e á información aos pacientes

- 54652 (11/PRE-018363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa o sector do metal da provincia de Pontevedra, a negociación do seu convenio colectivo e a implicación da Xunta de Galicia para acadar unha solución a través dunha mesa de diálogo

- 54676 (11/PRE-018364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da realización de estudos de necesidades, da solución á baixa execución orzamentaria e das políticas de formación de persoas desempregadas e ocupadas no contexto dos problemas do actual mercado laboral

- 54681 (11/PRE-018365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre a redución do número de camas e o aumento da listaxe de espera cirúrxica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo nos meses de verán, así como respecto das solucións a estes problemas

- 54689 (11/PRE-018366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o estado das infraestruturas de potabilización de auga de Betanzos, o control das verteduras ao río Mendo e á ría, os resultados das análises e das inspeccións, así como sobre as medidas tomadas para evitar deficiencias e as melloras previstas

- 54727 (11/PRE-018367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o número e relación de prazas ofrecidas ás persoas que superaron o proceso selectivo para o ingreso na escala de veterinaria, o número total de vacantes e os criterios da Xunta de Galicia para determinar as que se ofreceron

- 54732 (11/PRE-018368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de técnicos que hai en cada equipo técnico do menor (ETM) en Galicia e cantos había hai cinco anos

- 54733 (11/PRE-018369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas de atención residencial dispoñibles en Pontevedra e cantas solicitudes hai en espera de programa individual de atención ou no programa de asignación de recursos

- 54734 (11/PRE-018370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas de atención residencial dispoñibles en Lugo e cantas solicitudes hai en espera de programa individual de atención ou no programa de asignación de recursos

- 54735 (11/PRE-018371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas de atención residencial dispoñibles na Coruña e cantas solicitudes hai en espera de programa individual de atención ou no programa de asignación de recursos

- 54736 (11/PRE-018372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas de atención residencial dispoñibles en Ourense e cantas solicitudes hai en espera de programa individual de atención ou no programa de asignación de recursos



- 54737 (11/PRE-018373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de programas individuais de atención (PIA) que se fixeron de oficio para cambiar solicitudes ou PIA resoltos a outro servizo ou libranza nos últimos dez anos

- 54738 (11/PRE-018374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de técnicos de inspección dependentes da Consellería de Política Social e cantos están dedicados á supervisión de centros de atención residencial e cantos aos centros de menores

Admisión da corrección e publicación do acordo

- 54299 (11/PRE-018332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a obxectividade do Goberno galego e os seus criterios de puntuación no proxecto do Concello de Baiona dentro do Plan de sustentabilidade turística en destino, así como nos proxectos do Concello de Vigo

BOPG n.º 510, do 21.06.2023

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 54717.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1.^a

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.2 Composición da Deputación Permanente

Resolución da Presidencia, do 26 de xuño de 2023, pola que se admite a trámite o escrito da portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Deputación Permanente e nas Comisións parlamentarias (doc. núm. 54812)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 54812, o escrito da portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Deputación Permanente e nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:



1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego na Deputación Permanente:

— Membros titulares:

Baixa: Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Alta: Rosana Pérez Fernández.

— Membros suplentes:

Baixa: María González Albert

Alta: Iria Carreira Pazos

2º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nas seguintes Comisións parlamentarias:

— Comisión 4ª, Educación e Cultura

Baixa: Carmela González Iglesias

Alta: Mª Cristina Fernández Davila

— Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes:

Baixa: María González Albert

Alta: Diego Lourenzo Moura

— Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Baixa: María González Albert

Alta: Diego Lourenzo Moura

— Comisión do Regulamento:

Baixa: Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Alta: Rosana Pérez Fernández

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 27 de xuño de 2023, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G.P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 54872)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 54872, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.



A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:

— Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior
Alta: Katherinie Varela Fernández

— Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos
Alta: Katherinie Varela Fernández

— Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Alta: Moisés Blanco Paradelo

— Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Baixas: María Elena Candia López e Ramón Carballo Paez
Altas: Susana López Abella, Rubén Lorenzo Gómez e Ángel Rodríguez Conde

— Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo
Baixa: Moisés Rodríguez Pérez
Alta: Paula Mouzo Mas

— Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG
Alta: Moisés Blanco Paradelo

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2.2.9. Composición dos grupos parlamentarios

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de xuño de 2023, polo que se toma coñecemento do escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica a deputada que exercerá as funcións de portavoz adxunta do grupo

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica a deputada que exercerá as funcións de portavoz adxunto do grupo (doc. núm. 54827).



Tómase coñecemento da designación da deputada Rosana Pérez Fernández como portavoz adxunta, con efectos a partir do 27 de xuño de 2023, e da baixa de Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

Acórdase o traslado desta designación ás unidades administrativas competentes da Administración do Parlamento de Galicia e a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2023

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 4 de xullo de 2023, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 4 de xullo de 2023, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 27 de xuño de 2023, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (doc. núm. 53362, 11/PL-000022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 491, do 09.05.2023

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 512, do 23.06.2023

Publicación do ditame da Comisión e mantemento de emendas, BOPG nº 513, do 27.06.2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 54824 (11/PPP-000136)

Do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar das liñas de acción na área de deportes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

Punto 3. Mocións

Incluiranse, se é o caso, as presentadas e admitidas a trámite por Resolución da Presidencia da Cámara.

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 52462 (11/PPP-004346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación das rías galegas e do marisqueo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

4.2 52881 (11/PNP-004377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización da vivenda baleira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

4.3 54255 (11/PNP-004507)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España no que atinxe á planificación da rede de transporte eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

4.4 54422 (11/PNP-004516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre acordos que se propoñen para a súa adopción por parte do Parlamento de Galicia ante a apertura de dilixencias no xulgado contra varios directivos da CRTVG por acoso moral e laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

4.5 54478 (11/PNP-004524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a materialización por parte do Goberno galego das promesas de axudas directas aos produtores da indicación xeográfica protexida Terneira Gallega logo das súas mobilizacións do mes de abril de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

4.6 54496 (11/PNP-004526)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos déficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 5627 (11/INT-000381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020



5.2 53835 (11/INT-002594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 499, do 31.05.2023

5.3 54463 (11/INT-002635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 54825 (11/POPX-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións estratéxicas do seu Goberno ata o final desta lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

6.2 54829 (11/POPX-000114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a atención do Goberno galego aos retos que Galicia ten por diante

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 53546 (11/POP-008229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a situación administrativa dos axentes ambientais pertencentes ás consellarías do Medio Rural e de Medio Ambiente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

7.2 51347 (11/POP-007941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e dous deputados/as máis

Sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

7.3 54347 (11/POP-008318)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a situación en que se atopan os servizos e as infraestruturas ferroviarias en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023



7.4 54813 (11/PUP-000349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a adxudicación de transporte escolar a Monbus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

7.5 54241 (11/POP-008307)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre a xestión que o Goberno de España está a realizar dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

7.6 54822 (11/PUP-000350)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre o cumprimento da lexislación vixente no caso da mina de San Finx en Lousame

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

7.7 52215 (11/POP-008067)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis

Sobre o novo modelo de competencias profesionais docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

7.8 54629 (11/POP-008345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaseis deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura dunha vacante no cadro de facultativos do Centro de Saúde de Lousame

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 510, do 21.06.2023

7.9 46095 (11/POP-006915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2001, de impulso demográfico de Galicia, no que respecta ás familias monomarentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

VALEDOR DO POBO

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de xuño de 2023, polo que se toma coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que solicita que se proceda á publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia da Resolución, do 20 de xuño de 2023, pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo Económico-Financeiro

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 27 de xuño de 2023, tomou coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que solicita que se proceda á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da Resolución do 20 de xuño de 2023 pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo Económico-Financeiro (doc. núm. 54703) e acordou a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

Resolución do 20 de xuño de 2023 pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo Económico-Financeiro

Vista a proposta formulada polo xefe do Servizo de Administración e Persoal para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo Económico-Financeiro da institución da Valedora do Pobo,

RESOLVO:

Ao abeiro do establecido no artigo 7 k) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobar a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo Económico-Financeiro da institución da Valedora do Pobo, conforme as seguintes

BASES:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo Económico-Financeiro que figura na vixente relación de postos de traballo (BOPG nº 596, do 24 de xaneiro de 2020).

As características do posto son as seguintes:

1. Grupo de titulación: A1



2. Nivel de complemento de destino: 28.

3. Administración: pertenza como persoal funcionario/a de carreira A1.

4. Titulación: licenciatura/grao en Dereito

5. Funcións que se desenvolverán: coordinación coa Intervención do Parlamento de Galicia para efectos da actividade económico-financeira da institución, confección do orzamento anual, impulso dos expedientes de contratación precisos para o adecuado funcionamento da institución, o mantemento da sede do Valedor e calquera outra función que lle asigne a persoa titular da institución.

6. Centro directivo: Valedora do Pobo

Segunda. Poderá concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira de calquera administración pública pertencente ao grupo A (A1).

Terceira. O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Valedor do Pobo, rúa do Hórreo nº 65 en Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, na cal deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexa alegar.

Para participar nesta convocatoria, a persoa interesada deberá formalizar a súa petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo da presente resolución.

As persoas aspirantes deberán achegar coa súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos alegados.

Os méritos alegados e non probados de acordo co establecido no parágrafo anterior non se terán en conta.

Cuarta. De conformidade co disposto no artigo 7.l) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, corresponde á valedora do pobo a resolución desta convocatoria.

Quinta. A resolución da convocatoria, coa adxudicación do posto a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes que reúnan os requisitos exixidos para o seu desempeño, ou a súa declaración como deserta, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude, farase pública no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexta. O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres (3) días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete (7) días se comporta cambio de residencia, ou de vinte días (20) se comporta o reingreso no servizo activo.



O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento nese destino, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación.

Sétima. Contra a resolución pola que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a valedora do pobo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2023

Dolores Fernández Galiño

Valedora do pobo

ANEXO

Modelo de solicitude

Datos persoais:

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
DNI	Data de nacemento	Teléfono
Enderezo	Localidade	Provincia
Corpo ou escala	Grupo	Nº RP
Destino actual		
Administración	Dependencia	Localidade

SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo, polo sistema de libre designación, aprobada pola Resolución da valedora do pobo do 20 de xuño de 2023, por considerar que reúno os requisitos exixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica:



Designación do posto de traballo	Nivel complemento destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade
		Valedor do Pobo	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados		Anos	Meses	Días
No corpo actual:				
Noutros corpos:				
No actual posto de traballo:				
Outros destinos anteriores:				
Títulos académicos:				
Coñecemento da lingua galega:	Fala: <input type="checkbox"/>	Escribe: <input type="checkbox"/>	Entende: <input type="checkbox"/>	
Outros méritos que se deban facer constar de acordo coas bases da convocatoria:				
Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:				



Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable do tratamento	Valedor do Pobo
Finalidades do tratamento	Provisión de posto de traballo
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento de obriga legal segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.valedordopobo.gal/politica-de-proteccion-de-datos/
Destinatarios dos datos	Os datos deberán ser comunicados á valedora do pobo e publicados no <i>Diario Oficial de Galicia</i>
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos en valedor@valedordopobo.gal ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	valedor@valedordopobo.gal

(Lugar, data e sinatura)

Valedora do pobo





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de Lei**, para remitir ao Congreso dos Deputados, **Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galiza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete cidades galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unha política de peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía as persoas con menos recursos, polo tanto, provocando que as persoas con salarios máis baixos circulen por vías máis inseguras, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos, pois as nosas mercadorías pagan na práctica un “imposto” por circular. A xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

Coa finalidade de superar esta situación e xestionar desde Galiza unha das autoestradas máis importantes do punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadar a titularidade e transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e servizos sobre dita infraestrutura.

Así o Estatuto de Autonomía de Galiza establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno Galego, fixando no apartado 8 a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencia sobre “Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables.” Por outra banda, a Constitución no artigo 148.1.5ª fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no “percorrido comprendido integramente no territorio da comunidade autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable.” Finalmente, no artigo 150.2 da CE habilita ao Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de Autonomía de Galiza, no artigo 27.32 relativo ás competencias exclusivas establece que poden ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado.

O Proxecto de lei consta de dous artigos, tres disposicións adicionais e unha disposición final.

No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Xunta de Galiza e detállanse as funcións e servizos que pasan a ser de titularidade autonómica. No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso de servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentando mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

Nas disposicións adicionais primeira e segunda fíxase un prazo de seis meses para a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa da AP-9 como integrante da Rede do Estado. Na disposición adicional terceira establécese a responsabilidade da administración xeral do estado no caso de que se declare a nulidade das prórrogas. Finalmente, na disposición adicional cuarta aclárase que este traspaso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non modifica as función e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Artigo 1. Transferencia da AP-9

1. Transfírese á Comunidade Autónoma de Galiza a titularidade, as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e servizos até agora exercidos pola Administración do Estado en relación coa AP-9, Autopista do Atlántico.

2. En virtude do disposto na presente Lei, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galiza terá encomendadas as seguintes funcións:

(i) Autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.

(ii) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

(iii) A potestade sancionadora respecto de incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

(iv) As modificacións que afecten ao réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe ao establecemento, actualización, supresión de tarifas e portaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios a instancias





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da concesionaria co fin de incentivar o seu uso, como a aprobación normativa dos obrigatorios a instancias do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

(v) A redacción e aprobación de convenios ou addendas aos actuais para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Administración do Estado conservará ao seu cargo respecto á sociedade concesionaria da Autoestrada AP-9 as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación de concesión en vigor que foran motivadas por modificacións adoptadas no período que ostentou a competencia.

Artigo 2. Traspaso de servizos

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teñan efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentando mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos. Neste acordo de traspaso de medios materiais e orzamentarios incluíranse os compromisos de investimento en infraestruturas, as compensacións económicas derivadas de convenios e os compromisos de gasto derivados das medidas de bonificación das peaxes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición Adicional Primeira

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 deberá concretarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei.

Disposición Adicional Segunda

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante Real Decreto, procederá á exclusión e dar de baixa a Autoestrada AP-9 da Rede de Estradas do Estado.

Disposición Adicional Terceira

A Administración Xeral do Estado asumirá as obrigas económicas e financeiras no caso de que se declare a nulidade das prórrogas mediante as cales se acordou a ampliación do período concesional.

Disposición Adicional Cuarta

O traspaso ao que se refire a presente Lei Orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das función e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición final

A presente Lei Orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE).





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI PARA REMITIR AO CONGRESO DOS DEPUTADOS/AS, ORGÁNICA DE TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AP-9 Á XUNTA DE GALIZA

-**Estatuto de Autonomía para Galiza**, artigos 27.8 e 27.32.

-**Constitución de 1978**, artigos 148.1.5 e 150.2.

-**Lei 9/1972**, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.

-**Decreto 215/1973**, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.

-**Real Decreto 3317/1982**, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de estradas.

-**Real Decreto 302/1984**, do 25 de xaneiro, polo que se autoriza a creación da “Sociedad Estatal «Empresa Nacional de Autopistas».

-**Real Decreto 173/2000**, do 4 de febreiro, polo que se aproba o convenio entre a Administración Xeral do Estado e «Autoestradas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima», para a construción dun tramo de autoestrada de acceso norte a Ferrol por Fene, Neda e Narón, modifícanse determinados termos da concesión que ostenta dita sociedade e modifícase o Real Decreto 302/1984, de 25 de xaneiro, polo que se autoriza a creación da «Empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nacional de Autoestradas, Sociedade Anónima.

-Real Decreto 633/2006, de 19 de mayo, por el que se modifican determinados términos de la Concesión de la autopista Ferrol-frontera portuguesa, cuya titularidad ostenta Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima.

-Real Decreto 1733/2011, de 18 de noviembre, por el que se aprueba el Convenio entre la Administración General del Estado y Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima, por el que se modifican determinados términos de la concesión para la construcción, conservación y explotación de la Autopista del Atlántico AP-9, para la ampliación de capacidad de diversos tramos de dicha autopista.

-Real Decreto 104/2013, de 8 de febrero, por el que se aprueba el Convenio entre la Administración General del Estado y Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima por el que se modifican determinados términos de la concesión para la construcción, conservación y explotación de la Autopista del Atlántico AP-9.

-Real Decreto 1359/2018, de 29 de octubre, por el que se aprueba la adenda al Convenio entre la Administración General del Estado y Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima Unipersonal, aprobado por Real Decreto 1733/2011, de 18 de noviembre, por el que se modifican determinados términos de la concesión para la construcción, conservación y explotación de la Autopista del Atlántico AP-9, para la ampliación de capacidad de diversos tramos de dicha autopista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Real Decreto 681/2021, de 27 de julio, por el que se modifican ciertos términos de la concesión administrativa para la construcción, conservación y explotación de la Autopista del Atlántico AP-9.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 21/06/2023 17:30:17





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei para remitir ao Congreso dos Deputados**

Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

Antecedentes

- Constitución Española de 1978, artigos 148.1.5 e 150.2
- Estatuto de Autonomía de Galicia, artigos 27.8 e 27.32
- Lei 9/1972 do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.
- Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.
- Real Decreto 3317/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas.
- Real Decreto 302/1984, do 25 de xaneiro, polo que se autoriza a creación da Sociedade Estatal «Empresa Nacional de Autopistas».
- Real Decreto 1837/1999, do 3 de decembro, sobre traspaso de servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma do País Vasco en materia de estradas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



- Real Decreto 1883/1999, do 3 de decembro, polo que se dá de baixa na Rede de Estradas do Estado a autoestrada A-8 do Cantábrico (BilbaoBehobia).
- Real Decreto 912/1995, do 2 de xuño, polo que se segrega e dá de baixa na rede de estradas do Estado as autoestradas A-17 (MeridianaMontmeló) e a-19 (Montgat-conexión coa estrada GI-600, de Blanes a Hostalric), da concesión administrativa unificada da que é titular “Autopistas, Concesionaria Española, Sociedad Anónima”.
- Real Decreto 2346/1998, do 23 de outubro, polo que se modifican determinados termos da concesión de “Autopistas, Concesionaria Española, Sociedad Anónima”.
- Real Decreto 1203/2011, do 19 de agosto, polo que se autoriza a escisión parcial da sociedade concesionaria “Autopistas, Concesionaria Española, S.A., a favor de Infraestructuras Viarias de Catalunya, S.A. e dispónse a separación dos plans económico-financeiros das concesións das sociedades resultantes
- Real Decreto 173/2000, do 4 de febreiro, polo que se aproba o convenio entre a Administración Xeral do Estado e «Autoestradas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima», para a construción dun tramo de autoestrada de acceso norte a Ferrol por Fene, Neda e Narón, modifícanse determinados termos da concesión que ostenta dita sociedade e modifícase o Real Decreto 302/1984, de 25 de xaneiro
- Real Decreto 633/2006, de 19 de mayo, polo que se modifican determinados termos da Concesión da autopista Ferrol-fronteira portuguesa, cuxa titularidade ostenta *Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima*
- Real Decreto 1733/2011, de 18 de novembro, polo que se aproba o Convenio entre a Administración Xeral do Estado e a Autopista do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da Autopista do

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Atlántico AP-9, para a ampliación de capacidade de diversos treitos da devandita autovía.

- Real Decreto 104/2013, do 8 de febreiro, polo que se aproba o Convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autoestradas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da Autoestrada da Atlántico AP-9.
- Real Decreto 1359/2018, do 29 de outubro, polo que se aproba a addenda ao Convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autoestradas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima Unipersoal, aprobado por Real Decreto 1733/2011, do 18 de novembro, polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da Autoestrada da Atlántico AP-9, para a ampliación de capacidade de diversos tramos da devandita autoestrada
- Real Decreto 681/2021, do 27 de xullo, polo que se modifican certos termos da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación da Autoestrada da Atlántico AP-9.

Exposición de motivos

A Comunidade Autónoma de Galicia, cunha situación periférica desde o punto de vista territorial, presenta unha xeografía e unha orografía características que dificultan enormemente a execución das infraestruturas, cuxo deseño pouco ou nada ten que ver co doutras Comunidades Autónomas. Esta peculiaridade de Galicia converteuse nun enorme problema á hora de acometer infraestruturas tanto viarias como ferroviarias.





Nesta realidade, cobra especial importancia a Autoestrada do Atlántico, a AP-9, unha vía de peaxe que se configura como o eixe de comunicación principal en Galicia ao discorrer integramente pola Comunidade Autónoma, conectando 5 das principais cidades de Galicia (Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo).

Polo tanto, o eixe que vertebra o territorio no que reside o 60% da poboación galega, que conecta o litoral atlántico galego e que sustenta boa parte da economía e da mobilidade cotiá do noso territorio, é de pago.

Esta condición supón unha penalización que se viu agravada coas diferentes modificacións das que foi obxecto nos últimos anos o convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autoestradas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima, que afectan aos termos da concesión e autorizan sucesivos incrementos extraordinarios das peaxes.

Todo isto supón un agravio comparativo para Galicia e trae aparelladas consecuencias de especial relevancia como a perda de competitividade das nosas empresas e dos nosos sectores produtivos, o transvasamento de tráfico ás estradas convencionais, coa correspondente redución da seguridade viaria, o incremento da sinistralidade, o aumento dos tempos de tránsito e mesmo máis emisións de gases de efecto invernadoiro.

Por todas estas razóns é económica e socialmente inasumible manter as condicións actuais das peaxes da AP-9 e a evolución prevista.

Por iso, Galicia considera necesaria e imprescindible a transferencia da AP-9 á Comunidade, sempre en termos de igualdade co resto do territorio español, que permita unha xestión máis directa e máis pegada ao territorio e que levará implícita unha maior sensibilidade que redundará nunha mellora da calidade do servizo.





É innegable que unha xestión directa desta infraestrutura desde o territorio redundaría nunha maior eficacia na xestión, que sempre sería máis acorde ás necesidades de Galicia e dos seus habitantes.

Do mesmo xeito, esa xestión directa permitiría priorizar actuacións que é necesario materializar para mellorar a funcionalidade da AP-9 e que, de feito, xa foron acordadas e comprometidas polo Goberno de España.

A influencia da AP-9, cada vez máis determinante no progreso de Galicia e na vida diaria dos galegos, xunto coa necesidade de acometer actuacións imprescindibles que se están demorando no tempo, xustifica a demanda da súa transferencia á Comunidade Autónoma e así se manifestou, debateu e aprobou, ata en tres ocasiónes (15 de marzo de 2016, 9 de maio de 2017 e 10 de xullo de 2018) no Parlamento de Galicia, de forma unánime, a "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia", para remitir ao Congreso dos Deputados.

É incuestionable que, a día de hoxe, a AP-9 forma parte da Rede de Estradas do Estado (RCE), tal e como establece o anexo II da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas. Pero, a pesar diso, considérase conveniente a transferencia da súa xestión á Administración Autonómica, en aras a unha mellor eficiencia e eficacia da mesma, sempre coa necesaria colaboración e co debido respecto á distribución de competencias.

E, neste sentido, convén destacar que a sentenza do Tribunal Constitucional 65/1998, do 18 de marzo, establece que a materia de estradas resulta especialmente idónea para o establecemento de fórmulas de colaboración, tanto entre as propias Comunidades Autónomas como entre as Comunidades Autónomas e o Estado, dentro





do mutuo respecto das respectivas competencias no marco flexible establecido pola Constitución Española e os Estatutos de Autonomía.

En desenvolvemento deste principio de colaboración, co debido respecto ás competencias de ambas as administracións, e en base ao mecanismo establecido pola propia Constitución Española no seu artigo 150.2, conforme ao cal "o Estado poderá transferir ou delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación", todos os grupos parlamentarios presentaron ante a Mesa do Parlamento de Galicia unha proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, por entender que dita transferencia permitiría unha mellor xestión da infraestrutura, máis próxima e que dea resposta ás necesidades dos cidadáns, de conformidade cos principios xerais que, tal e como establece a Constitución, deben rexer para as Administracións Públicas, como son o principio de eficacia e descentralización.

A Proposición de Lei Orgánica consta de tres artigos, dúas disposicións adicionais e unha disposición final.

No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e servizos que pasan a ser de titularidade autonómica, así como as obrigacións que asume a Administración Xeral do Estado.

No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso de servizos, que deben contar cos medios materiais, humanos e orzamentarios necesarios, instrumentándose mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias entre o Estado e Comunidade Autónoma de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.





No artigo terceiro regúlase o procedemento para a formalización do cambio de titularidade da estrada, mediante a correspondente acta de entrega e recepción.

Na disposición adicional primeira regúlase a baixa desta infraestrutura como integrante da Rede de Estradas do Estado.

Na disposición adicional segunda aclárase que este traspaso non modifica as funcións e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Finalmente, a disposición derradeira única establece que a entrada en vigor da disposición legal se producirá ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.»

Artigo 1. Transferencia da autoestrada AP-9.

1- Transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade da Autoestrada do Atlántico, AP-9.

2. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade e competencias sobre o réxime xurídico da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación da Autoestrada do Atlántico, AP-9, adxudicada mediante Decreto 1955/1973, do 17 de agosto, así como as funcións e servizos ata o de agora exercidos pola Administración Xeral do Estado en relación coa antedita concesión.



3. En virtude do disposto na presente Lei Orgánica, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia asumirá as seguintes funcións en relación á concesión da Autoestrada do Atlántico, AP-9:

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, conforme á normativa xeral de estradas e aos pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto a incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, singularmente no que incumbe ao establecemento, actualización e supresión das tarifas e peaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios a instancia da concesionaria a fin de incentivar o seu uso, como a aprobación normativa dos obrigatorios a instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e aprobación de convenios, ou addendas aos actuais, para contemplar novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Non obstante o disposto no apartado anterior, a Administración Xeral do Estado conservará ao seu cargo, con respecto á sociedade concesionaria da Autoestrada do Atlántico, AP-9, e ata o final do período concesional, as obrigacións con repercusións





económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que ostentou a competencia.

Do mesmo xeito, a Administración Xeral do Estado asumirá, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, o cumprimento de todas aquelas actuacións e infraestruturas xa comprometidas, así como daquelas que sexan necesarias no futuro para cumprimento de normativa, para unha explotación adecuada ou para que o nivel de servizo da autoestrada se manteña nun rango adecuado.

4. Coa finalidade de garantir o imprescindible equilibrio territorial e igualdade de oportunidades de Galicia co resto de España, a Administración do Estado dotará á Comunidade Autónoma de Galicia dos medios económicos necesarios para ampliar as bonificacións aos usuarios recorrentes, aumentándoas para todas as categorías de vehículos pesados, e estendéndoas a familias numerosas e a viaxes nocturnas.

5. A Administración do Estado asumirá, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, calquera consecuencia económica derivada de decisións ou situacións que non sexan responsabilidade da Comunidade Autónoma de Galicia e que teñan consecuencias no contrato da concesión.

6. Por último, e con esa mesma finalidade de evitar o desequilibrio en materia de política de peaxes que supón un agravio para a Comunidade Autónoma Galega, a Administración do Estado asumirá, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, a supresión da aplicación do incremento de tarifa do 1% acumulativo anual durante os próximos 20 anos, previsto no Real Decreto 1733/2011, do 18 de novembro. Isto permitirá a amortización das obras de ampliación de capacidade da Autoestrada do Atlántico, AP-9 entre os enlaces de Santiago Norte e Santiago Sur, e entre os enlaces de Cangas e de Teis. »



Artigo 2. Traspaso dos servizos.

O exercicio da competencia transferida deberá ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais, humanos e orzamentarios necesarios, de acordo coas previsións contidas na presente Lei, incluíndo no acordo de traspaso os compromisos de investimento en actuacións e infraestruturas, as compensacións económicas derivadas de convenios e os compromisos de gasto derivados das medidas para bonificación das peaxes.

Todo o anterior se instrumentará mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Artigo 3. Formalización do cambio de titularidade.

O cambio de titularidade da Autoestrada do Atlántico, AP-9, formalizarase mediante acta de entrega e recepción, subscrita polos representantes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e da Comunidade Autónoma de Galicia, o cal determinará a cesión.

Na acta de entrega e recepción determinaranse con precisión os límites dos tramos afectados e dos bens anexos a estes. O cambio de titularidade será efectivo a partir da formalización da acta de entrega correspondente, que se subscibirá no prazo de 15 días desde a entrada en vigor do real decreto de traspaso de servizos ao que se refire o artigo anterior. Nese momento realizarase a entrega da documentación e expediente da estrada obxecto do cambio de titularidade.



Disposición adicional primeira.

Unha vez que se efectuou o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a Autoestrada AP-9 da Rede de Estradas do Estado.

Disposición adicional segunda.

O traspaso a que se refire a presente lei orgánica non supón modificación algunha do exercicio das funcións e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.»

Disposición derradeira única.

A presente Lei Orgánica entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2023

Asdo.: Pedro Puy Fraga

Asinado dixitalmente por:

Alfonso Rueda Valenzuela na data 26/06/2023 13:35:47

Pedro Puy Fraga na data 26/06/2023 13:36:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Paula Prado del Río na data 26/06/2023 13:36:35

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 26/06/2023 13:36:53

Diego Calvo Pouso na data 26/06/2023 13:37:12

María Elena Candia López na data 26/06/2023 13:37:28

María Corina Porro Martínez na data 26/06/2023 13:37:53

Francisco José Conde López na data 26/06/2023 13:38:18

Carmen María Pomar Tojo na data 26/06/2023 13:38:52

Ramón Carballo Páez na data 26/06/2023 13:39:07

José Manuel Balseiro Orol na data 26/06/2023 13:39:20

María Belén Salido Maroño na data 26/06/2023 13:39:35

José Luis Ferro Iglesias na data 26/06/2023 13:39:46

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/06/2023 13:39:59

Freire Vázquez, María Begoña na data 26/06/2023 13:40:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/06/2023 13:40:55

Raquel Arias Rodríguez na data 26/06/2023 13:41:12

José Antonio Armada Pérez na data 26/06/2023 13:41:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cachafeiro Anta, Belén na data 26/06/2023 13:41:40

María Sol Díaz Mouteira na data 26/06/2023 13:41:53

Teresa Egerique Mosquera na data 26/06/2023 13:42:07

Ana Belén García Vidal na data 26/06/2023 13:42:19

Gómez Salgado, Carlos na data 26/06/2023 13:42:36

López Sánchez, Rosalía na data 26/06/2023 13:42:49

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/06/2023 13:43:04

Pardo López, Adrián na data 26/06/2023 13:43:21

José Alberto Pazos Couñago na data 26/06/2023 13:43:37

Fernando Pérez Domínguez na data 26/06/2023 13:43:55

Noelia Pérez López na data 26/06/2023 13:44:08

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 26/06/2023 13:44:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/06/2023 13:44:37

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/06/2023 13:44:52

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/06/2023 13:45:04



Manuel Santos Costa na data 26/06/2023 13:45:18

Cristina Sanz Arias na data 26/06/2023 13:45:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/06/2023 13:45:48

Borja Vereza Fraiz na data 26/06/2023 13:46:04

Moisés Blanco Paradelo na data 26/06/2023 13:46:17

Ángel Rodríguez Conde na data 26/06/2023 13:46:28

Paula Mouzo Mas na data 26/06/2023 13:46:41

Susana López Abella na data 26/06/2023 13:46:52

Katherinie Varela Fernández na data 26/06/2023 13:47:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 2 de xuño o presidente da Xunta de Galicia acompañado polo conselleiro de Medio Rural participaba na presentación dos primeiros resultados do Inventario Forestal de Galicia.

Para o seu desenvolvemento, sinalaba o presidente, a Xunta de Galicia invertiu 3 millos de euros, e parte desta financiación se corresponde cun convenio coas Universidades de Vigo e Santiago asinado no ano 2020.

Os datos que fixeron públicos do Inventario forestal son os seguintes :

Clases arboradas	Forestal arborado	Forestal non arborado	No Forestal arborado	En Rexeneración	Talas 2022	Incendios 2022	Áreas queimadas	Total
FRONDOSAS	593.011	49	14.905	3.796	2.154	4.263	1383	619.561
CONÍFERAS	363.963	26	4.571	28.362	13.657	9.167	2.597	422.344
EUCALIPTO	367.472	13	5.710	21.259	12.953	1.133	486	409.026
OTRAS	-	-	-	6.401	-	-	-	6.401
Total	1.324.446	88	25.186	59.817	28.765	14.564	4.465	1.457.331

Tendo en conta o sinalado, comprobamos que se presenta unha táboa resume de 9 columnas e 6 filas, resultando por tanto que cada celda costou aos galegos 55.000 euros.



Indo aos datos:

- En relación os datos de Frondosas que segundo a referida táboa presentada ocupan 619.561 temos que resaltar os datos do IFN 4 do ano 2009, en Galicia había 489.197.
- En relación os datos de Coníferas sinalaba a Fundación Arume que no ano 2009 había en Galicia 547.509 hectáreas polo que a superficie baixou en 13 anos un total de 125.165.
- En relación os datos de Eucalipto hoxe, segundo o inventario, hai concretamente 409.026 hectáreas. Ante esta situación este grupo parlamentario non pode entender que si os datos que recolle o IFN 4 eran de 386.835 hectáreas, como sen planta nos viveiros nos últimos anos se incrementa a superficie de eucalipto en Galicia.

Por outra banda, para poder consultar os datos desagregados na páxina web na que deberían aparecer co fin de realizar comprobacións, a día de hoxe non aparece nada publicado. Por ilo, este grupo parlamentario considera que o Goberno galego debe dar conta pormenorizada do Inventario Forestal presentado polo Goberno galego.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é, a criterio do Goberno galego, a causa do incremento de 130.344 hectáreas de frondosas en trece anos?
2. En canto se cuantifican as repoboacións de castiñeiros e carballos levadas a cabo polo Goberno galego dende o ano 2009 ata o día de hoxe, con orzamento consignado e indicación do concello onde se realizaron, así como estado actual das mesmas?
3. A que se debe a desaparición de 125.165 hectáreas de Piñeiro na nosa Comunidade Autónoma?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2023 10:01:21
Nº Rexistro: 54533
Data envío: 16/06/2023 10:01:21.253

4. Como explica o Goberno galego a modificación da superficie de eucalipto, na nosa Comunidade Autónoma, con respecto a que figuraba no IFN4?

Santiago de Compostela, 15 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/06/2023 09:59:13

Martín Seco García na data 16/06/2023 09:59:22

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178754

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de manter a oferta educativa modular e ordinaria de forma presencial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación volve dar mostra do seu talante autoritario nunha nova reordenación educativa unilateral.

Desta volta a Consellería acaba de encamiñarlles aos centros unha proposta pechada de oferta formativa para o vindeiro curso académico consistente en promocionar a FP a distancia, incluso de forma parcial, chegando a substituír en moitos centros por esta modalidade a oferta modular ou mesmo ordinaria presencial.

Ao mesmo tempo que o Partido Popular recorta a calidade e a oferta educativa na FP, nomeadamente naquelas familias vinculadas como Servizos Socioculturais e á Comunidade, Administración e Xestión, e Informática e Comunicacions, volve sorprendernos coa autorización desta formación profesional en centros de titularidade privada.

Á aposta pola modalidade dual, que segue sen atender a demanda do tecido empresarial nalgunhas familias profesionais, súmaselle agora a devaluación da calidade da formación ao renunciar á presencialidade e impor a modalidade online que é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fundamental na relación ensino-aprendizaxe e aínda máis nos estudos de carácter máis técnico ou práctico.

A Consellería está actuando de forma premeditada para ir desmantelando estas ensinanzas en Galiza nun momento en que debían ser potenciadas e reforzadas, tal e como están manifestando alumnado e profesorado dos diferentes centros educativos do país, así como organizacións sindicais que mesmo demandan a demisión ou cesamento da Directora xeral de FP.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Consellería rectificar a decisión de eliminar nos estudos de FP a oferta de docencia modular e ordinaria de forma presencial e ofertala online?
- Vai a Consellería consensuar cos centros educativos e o profesorado a oferta educativa de cada centro?

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/06/2023 10:04:01

Mercedes Queixas Zas na data 16/06/2023 10:04:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre os danos das treboadas no agro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No noso país estamos cobrando experiencia na afectación e consecuencias do cambio climático para a agricultura, que polo de agora é no ámbito no que parece que provoca máis afectación.

A alternancia de frecuentes períodos de seca, para os que non logramos estar preparadas aínda, de feito queda moito por facer neste ámbito, con outros períodos de treboadas que acarream choivas torrenciais similares as clásicas do levante do estado pero para as que non temos tampouco sistemas de prevención, o que está a provocar danos ás producións agrícolas ao longo e largo do país, co agravante de ter que sufrir temperaturas, máximas e mínimas, extremas e fóra de tempo.

As elevadas temperaturas que acompañan a este incremento de choivas e humidade provoca danos nos cultivos por enfermidades fúnxicas para as que é difícil aplicar tratamentos durante o período de choivas, o cal provocan a perda de parte ou toda a produción e degradando os solos por arrastre.

Zona produtoras de patacas, de uva, cereixas, pementos... vense afectadas así como outras produtoras de forraxe como centeo ou millo vense afectadas dun xeito directo sufrindo perdas de modo recorrente e ano tras ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É imprescindible prepararse para isto porque parece que no futuro estes eventos van incrementarse e agora mesmo xa están aquí causando danos polo que hai que tomar medidas, que de inicio non poden ser outras que as compensatorias para paliar estas perdas de produción.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno da Xunta habilitar axudas para compensar os danos provocados polas treboadas no agro galego, tanto nas producións vexetais e froitas para consumo humano como nas forraxeiras?

Ten o goberno galego feito o cómputo dos danos causados na agricultura durante o que vai de ano ou incluso en anos pasados?

Ten o goberno galego algún tipo de planificación para afrontar futuras situacións relacionadas co cambio climático?

Son vostedes conscientes de que hai que actuar coa rapidez que require a situación actual e a súa posible evolución a peor?

Como valoran vostedes a creación de unha Mesa para a valoración e o tratamento do cambio climático??

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 16/06/2023 13:11:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/06/2023 13:11:33

María del Carmen Aira Díaz na data 16/06/2023 13:11:43





Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Hai máis de dous anos que o Goberno galego anunciou un novo modelo de residencias en Galicia. Polo momento, o goberno galego non deu conta do traballo do comité asesor ao respecto. Non obstante, a calidade de vida das persoas maiores nos centros de atención residencial, lonxe de mellorar parece que vai a peor.

De feito no último ano profesionais do sector, tanto traballadoras e traballadores do ámbito residencial como traballadoras sociais e outros perfís profesionais dos servizos sociais comunitarios e dos equipos de valoración, alertan dos ingresos de enfermos de psiquiatría con graves trastornos conductuais e menores de 65 anos nestes centros. Tendo en conta que estes recursos de atención residencial pertencen ao ámbito sociosanitario e non están dotados para a atención de persoas con enfermidades de saúde mental xa que non teñen persoal especializado nin reforzo de recursos humanos preciso para poder atender a este tipo de casuísticas como pode ser cuartos separados e individuais, auxiliares con especialidade en psiquiatría, enfermeiros/as de saúde mental ou psiquiatras, xa que as residencias de maiores non están concibidas para tal fin. Polo que é urxente que casos graves de psiquiatría menores de 65 anos non se deriven en ningún caso a centros para persoas maiores.

O que non debiera ser nin tan sequera unha excepción, estase a converter nun desastre, un atentado permanente os dereitos básicos das persoas maiores vulnerables e dependentes e dos traballadores xeriátricos, debido á falta de





recursos específicos para atender a casos graves de doentes de psiquiatría. O feito é que as persoas maiores que viven nas residencias galegas (máis do 65% con algún tipo de deterioro cognitivo ou demencias) teñen que convivir na actualidade con enfermos mentais incluso, segundo indican traballadores dos centros, con perigo na súa integridade física e mental. Agora chegouse a un nivel de irresponsabilidade que constitúe unha desorganización sanitaria e social extremadamente irresponsable, nalgúns casos ata con 25 % de prazas ocupadas con doentes graves de psiquiatría segundo indican dende o sector nalgún centro. Esta situación para nada é recomendable por parte dos expertos, tendo en conta a concepción actual das residencias na dotación de recursos e modelo de atención.

A ausencia de planificación e falta de recursos, o descoñecemento sobre o que deba ser un centro de atención residencial por parte do goberno galego, está lastrando o benestar das persoas maiores e a calidade de atención para as persoas con patoloxía psiquiátrica que precisan dunha atención distinta.

O caos asistencial que están a sufrir algúns centros de atención residencial para persoas maiores deriva na desmotivación, efectos na saúde mental do propio persoal que ven desgastado tras ser o epicentro dunha pandemia sen precedentes. O recoñecemento ao persoal das residencias pasa, única e exclusivamente por incentivalos nas súas condicións laborais e dotalos de persoal suficiente e especializado para atender ás persoas maiores residentes. O nivel de risco grave na seguridade das persoas maiores, a merma no seu benestar e na súa vida diaria esixe a adopción inmediata de medidas preventivas e de respecto no compromiso de coidado ou atención das persoas maiores.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 54557
Data envío: 16/06/2023 16:02:37.441

O "modelo" de residencias en Galicia é papel mollado. A responsabilidade na atención e no coidado das persoas maiores non pode demorarse. A evitación dunha situación de gravidade esixe responsabilidades.

Polo que dende o grupo socialista instamos ao goberno galego a que aporten datos en canto ao número de usuarios menores de 65 anos doentes de psiquiatría nas residencias de maiores e a separación dos mesmos das residencias, acorde á normativa actual que sinala que os enfermos psiquiátricos non poden ingresar en residencias de maiores e tendo en conta que ditos centros non teñen a capacidade para atender a estes doentes.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que porcentaxe de persoas menores de 65 anos con patoloxía psiquiátrica residen nas residencias de maiores de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/06/2023 15:50:44

Julio Torrado Quintela na data 16/06/2023 15:50:55

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178763

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicou a Orde do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, establecendo no seu artigo 11.4 que das obras ou servizos que cumpran cos requisitos establecidos farase unha selección dándolle preferencia aos proxectos que realicen obras ou servizos relacionados con protección civil e que cando correspondan a servizos de salvamento e socorrismo incrementárase o baremo en 20 puntos máis.

O 14 de xuño, a través da páxina web da Xunta de Galicia e en determinados periódicos, o Goberno galego publicaba a resolución desta subvención para a contratación de socorristas en praias e piscinas en determinados concellos galegos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que concellos solicitaron esta subvención para servizos de salvamento e socorrismo?
2. Cales foron os concellos beneficiados con esta subvención?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 54561
Data envío: 16/06/2023 16:22:24.534

3. Canto recibiu cada un dos concellos beneficiados para servizos de salvamento e socorrismo?

Parlamento de Galicia, 16 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/06/2023 16:07:53

Paloma Castro Rey na data 16/06/2023 16:08:14

Pablo Arangüena Fernández na data 16/06/2023 16:08:32

CSV: BOPGDSPG-StvONqjst4-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178765

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicou a Orde do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

O 14 de xuño, a través da páxina *web* da Xunta de Galicia e en determinados periódicos, o Goberno galego publicaba a resolución desta subvención.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cales foron os concellos que solicitaron esta subvención?
2. Cales foron os concellos beneficiados con esta subvención e para que obras ou servizos?
3. Canto recibiu cada un dos concellos beneficiados para cada obra ou servizo outorgado?

Parlamento de Galicia, 16 de xuño de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 54562
Data envío: 16/06/2023 16:23:20.331

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/06/2023 16:15:11

Paloma Castro Rey na data 16/06/2023 16:15:32

Pablo Arangüena Fernández na data 16/06/2023 16:15:48

CSV: BOPGDSPG-StvONqisc4-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178767

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar pola Xunta de Galiza para que os novos pregos de contratación de helicópteros para o servizo de salvamento marítimo de Galiza e os mecanismos de control para o seu cumprimento garantan a máxima seguridade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o comezo da actual lexislatura, este Grupo Parlamentar denunciou na Comisión de Pesca e en reiteradas ocasións os incumprimentos da empresa Babcock, hoxe Avincis, adxudicataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellería do Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Temos insistido en que o Servizo de Gardacostas de Galiza é un servizo que ten como obxectivo principal salvar vidas e temos advertido que, paradoxicamente, o que vén ocorrendo dende hai anos é que as está a poñer en risco, a comezar polas da propia tripulación das aeronaves.

A última iniciativa que presentamos a debate, foi a aprobada por unanimidade (agás o seu punto 5) na Comisión de Pesca do pasado 18 de abril, onde o propio Grupo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parlamentario Popular tivo que recoñecer que a empresa incumpriía o prego de cláusulas do contrato e mesmo fora penalizada.

No entanto, a Consellería do Mar, en declaracións públicas após aquel debate na Comisión de Pesca, afirmou que “fai un seguemento do cumprimento do contrato”, que “vela pola seguridade no mar” e que “está atenta a todas as incidencias dos medios aéreos do Servizo de Gardacostas”.

Pois ben, a xulgar polas numerosos incumprimentos do contrato da concesionaria, sistemáticos e constantes dende o 2017 -ano dende o que vén operando a empresa e cobrando 51 millóns de euros do erario público-, as afirmacións da Consellería son, cando menos, dúbidas e non se axustan á realidade diaria do Servizo.

Xa detallamos noutras ocasións os múltiples, e graves, incumprimentos da empresa, penalizada varias veces segundo recoñeceu o Partido Popular na Comisión de Pesca do 18 de abril. Mais o que levamos dito e acordado non foi impedimento para que os incumprimentos seguisen a suceder reiteradamente e nada se corrixiu para atender un servizo vital nas condicións establecidas e con todas as garantías.

O último incidente do que temos coñecemento ocorreu o pasado 9 de xuño durante unha misión de adestramento no que se enganhou ao fuselaxe o cable da única grúa do helicóptero que presta servizo na base SAR de Viveiro, poñendo en serio risco a seguridade do rescatador e non facéndose sequera constar no informe do servizo dese día.

No punto 2.8.2 do prego de prescricións especifícanse os requisitos que deben cumprir os helicópteros que prestan os servizos e nel recóllese claramente “unha grúa de rescate principal” e “unha grúa de rescate auxiliar” que, tal e como xa denunciámos, non existe malia a ser obrigatoria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, non facer mención ao incidente no informe do servizo, pon en evidencia un ocultamento por parte da empresa das súas propias deficiencias e incumprimentos na prestación dos servizos e tamén pon de manifesto o inexistente ou, cando menos, ineficiente control e “seguemento do cumprimento do contrato” que a Consellería do Mar asegura estar facendo.

O pasado mes de abril, a Xunta de Galiza sacou a concurso o novo contrato para a prestación do servizo aéreo de rescate de Gardacostas de Galiza por un período de catro anos e por un custe de preto de 58 millóns de euros, contando cun ano de prórroga. A este respecto, o propio presidente do Goberno galego manifestou, após a aprobación no Consello da Xunta que “cando se pactan unhas condicións nunha adxudicación, hai que cumprilas”. Declaracións que, ao igual que as da Consellería do Mar, non se corresponden coas actuacións de Avincis dende hai 6 anos no Servizo de Gardacostas de Galiza.

E, incríbelmente, o novo prego rebaixa as esixencias, incumpridas tamén, do anterior e nas especificacións das características dos helicópteros só obriga a unha grúa. Tampouco, malia a todo o que leva sucedido neste Servizo, reforza os mecanismos de inspección e control e deixa ao albur da empresa concesionaria o cumprimento do contrato.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da prestación do servizo de Salvamento Marítimo de Galiza entre os anos 2017-2023, nomeadamente do cumprimento por parte da empresa concesionaria de todas e cada unha das cláusulas establecidas no contrato de adxudicación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza dende o 2017 para comprobar se a empresa Avincis cumpre rigorosamente todas e cada unha das cláusulas do contrato dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros de Salvamento Marítimo de Galiza?

. De cara ao novo contrato, vai ter en conta os incumprimentos, recoñecidos pola propia Xunta de Galiza, da empresa Avincis nos últimos seis anos?

. Ten coñecemento dos feitos ocorridos o pasado 9 de xuño, nos que se puxo en serio risco a seguridade dun rescatador?. Se é así, que medidas tomou ao respecto?

. Que actuacións vai levar a cabo para que os novos pregos de condicións do contrato se supervisen, e se corrixan de ser o caso, para que as condicións esixidas garantan a seguridade das aeronaves, da súa tripulación e dos servizos que presten?

. Dados os antecedentes, considera que os mecanismos de control establecidos nos novos pregos de condicións do contrato garanten o seu estrito cumprimento?

. Considera que a creación dunha Comisión Asesora de Elaboración dos pregos e dunha Comisión de Seguimento e Control do cumprimento do contrato aportaría garantías a todas as partes e aumentaría a fiabilidade dun servizo tan fundamental? Se é así, está disposto o Goberno galego a constituílas?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carmela González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 19/06/2023 10:35:34

Carmela González Iglesias na data 19/06/2023 10:35:38

Rosana Pérez Fernández na data 19/06/2023 10:35:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O alumnado de varios centros de ensino de Ciclos de Formación Profesional de toda Galicia foi informado polos respectivos centros educativos o pasado 12 de xuño que a Consellería de Educación pasaba a cambiar a oferta modular presencial actual, pola oferta modular a distancia, para o seguinte curso.

Unha decisión imposta que vai en contra dos principios máis básicos do dereito á Educación pública de calidade e en igualdade. Tal e como denuncian sindicatos, alumnado e profesorado, a non presencialidade entre outras cuestións provocará que módulos de gran dificultade mesmo de forma presencial, pasarán a ser inaccesibles a distancia para boa parte do estudiantado. Ao mesmo tempo, pérdense as dinámicas de grupo moi valoradas no ámbito laboral, a rede de contactos que forman presencialmente no centro, ou imposibilita a moitas persoas polas dificultades de conexión e escaseza de medios informáticos e equipos seguir esta formación.

O alumnado ten en definitiva dereito a recibir a súa formación de xeito presencial e non pasar á modalidade a distancia que non funciona en termos de calidade e de atención personalizada ao mesmo nivel. Esta decisión unilateral tal e como denuncia a comunidade educativa, amosa que a única preocupación da Xunta de Galicia é vender un aumento da oferta sen que esta vaia acompañada cos recursos humanos necesarios e polo tanto supón unha merma da calidade educativa.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2023 12:23:49
Nº Rexistro: 54589
Data envío: 19/06/2023 12:23:49.233

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai rectificar na decisión de eliminar a presencialidade e, polo tanto, atender as necesidades do alumnado e a demanda da comunidade educativa nos ciclos formativos?
2. Considera que o ensino a distancia pode manter os beneficios do presencial?
3. Son conscientes dos enormes inconvenientes que supón eliminar a presencialidade para as persoas con máis dificultades educativas e maior risco de abandono e fracaso escolar?
4. Non considera que este recorte no ensino de ciclos formativos supón un grave retroceso?

Santiago de Compostela, 19 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 19/06/2023 12:20:10

Noa Susana Díaz Varela na data 19/06/2023 12:20:16

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178774

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán e **Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A evolución da actividade turística en Galicia non pode entenderse fóra do contexto mundial, marcado neste momento por catro grandes trazos: en primeiro lugar pola diversificación do tempo libre, que provoca demandas específicas alén da tradicional estacionalidade nos meses de verán e obriga a unha constante innovación na oferta para adaptarse ás novas oportunidades de negocio.

En segundo lugar, asistimos a un notable cambio nos valores sociais, o que define unha demanda máis esixente coa conservación ambiental e reduce por exemplo, o atractivo da masificación nos hotéis de praia. En terceiro lugar e como consecuencia do incremento das expectativas de vida, a idade dos consumidores de servizos turísticos é cada vez maior. Por último, o uso xa maioritario das TIC converte aos turistas en consumidores ben informados e esixentes na relación calidade/prezo, impondo ás empresas unha cotián actualización da tecnoloxía para informar axeitadamente das súas ofertas.

Todo isto, loxicamente, debería condicionar as estratexias da política turística da Xunta de Galicia, comprometéndose a unha fonda reflexión sobre os modelos máis acaídos para que este sector sexa un importante apoio para o conxunto do sistema produtivo galego e axude a xerar desenvolvemento na nosa terra.





O obxectivo do Goberno galego tería que ser atraer cantidade e calidade turística, para iso, é imprescindible impulsar a transformación dos nosos destinos turísticos cara á sustentabilidade e a dixitalización.

Temos agora por diante dous obxectivos fundamentais para o crecemento ético da actividade turística como tractora de emprego e desenvolvemento local. Obxectivos que son:

- Converternos nun destino intelixente cunha forte aposta pola dixitalización.
- Impulsar ao conxunto do ecosistema turístico a un modelo de crecemento sostible de acordo coa Axenda 2030.

O Grupo Parlamentario Socialista temos moi claro que a transformación dixital do sector turístico é unha oportunidade para o conxunto de Galicia, coa que se podería avanzar en ofrecer ás persoas viaxeiras hiperconectadas do século XXI experiencias óptimas durante todo o ciclo dunha viaxe (desde a programación da mesma), impulsar o desenvolvemento de propostas turísticas competitivas e innovadoras e identificar o destino polo desenvolvemento da cadea de valor turística desde a sostibilidade social e ambiental da actividade (aliñamento coa Axenda 2030 e os Obxectivos Desenvolvemento Sustentable (ODS) e cos grandes fitos da Organización Mundial do Turismo).

O turismo constitúe un pilar básico e estratéxico da nosa economía debido á xeración de riqueza e de emprego e ten un papel clave para a vertebración social e territorial. Perfeccionar e enriquecer o modelo turístico e fortalecelo como un sector económico líder non é unha cuestión menor.

Galicia atópase ante a tarefa colectiva de estruturar un modelo turístico que poida espallarse no terreo, desestacionalizado e xerador de empregos dignos -





estables, correctamente remunerados e con xornadas razoables- ser, en suma, fonte de riqueza, estabilidade e cohesión territorial e social.

Un turismo innovador, sustentable, dixital e competitivo xogará un rol clave na recuperación económica e social da nosa terra.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado o Goberno galego impulsar a transformación dos nosos destinos turísticos cara á sustentabilidade e a dixitalización? En caso afirmativo, con que medidas vai facer esa transformación?
2. Vai a Xunta de Galicia a impulsar todos os mecanismos posibles para converter a Galicia no primeiro territorio intelixente certificado do noso país? En caso afirmativo, cales van ser eses mecanismos?
3. Considera necesario o Goberno galego impulsar ao conxunto do ecosistema turístico a un modelo de crecemento sostible de acordo coa Axenda 2030?

Santiago de Compostela, 19 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/06/2023 13:54:48





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2023 13:56:43
Nº Rexistro: 54622
Data envío: 19/06/2023 13:56:43.280

Martín Seco García na data 19/06/2023 13:54:57

CSV: BOPGDSPG-StvONqjst4-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178778

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á cobertura da praza, nas mesmas condicións, do facultativo do centro de saúde de Lousame xubilado recentemente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O centro de saúde de Lousame contaba con tres profesionais de medicina familiar, un dos cales causou baixa por xubilación hai poucas semanas e foi substituído por outra persoa, mais non de xeito permanente.

Nestes últimos días, no centro xa non expiden citas aos e ás pacientes para esa profesional porque deixou de atender no mesmo. A información que reciben eses usuarios e usuarias é que se levará a cabo de novo a substitución, supoñemos que polo incremento de poboación nas datas estivais nese concello.

Deste xeito, os arredor de 1.400 pacientes asignados á profesional que substituíra á persoa xubilada repártense entre os outros dous médicos do centro que, á súa vez, teñen outros tantos cada un. E, segundo parece, así ata o mes de xullo, cando tampouco hai garantías de que se cubra a praza nin hai información de se se vai cubrir parcial ou totalmente.

Unha vez máis, a Consellería de Sanidade desatende ás persoas que acoden á sanidade pública, esta vez nun concello rural con 86 núcleos de poboación dispersos por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todo o termo municipal, apenas 3.400 habitantes, cunha media de idade de 51 anos e onde as persoas maiores de 65 anos son o 31,2% do total, e cuxa renda media dispoñíbel bruta anual (2021) por habitante é a máis baixa da comarca de Muros e Noia (11.828 euros).

Un concello, pois, cunhas características xeográficas, demográficas e sociais que necesita, en moita maior medida que outros, unha atención e uns servizos públicos, nomeadamente sanitarios, de calidade, próximos, que se presten sen demoras e non obriguen á súa poboación a desprazamentos constantes a outros municipios.

A falta dun médico de familia, dos tres que deberían prestar servizo no centro de saúde de Lousame, está a provocar importantes retrasos nas citas, cambios constantes para os usuarios e usuarias e está a supoñer, ademais, un maior esforzo e sobrecarga para os dous profesionais restantes. A consecuencia é unha peor calidade asistencial e, en definitiva, unha deficiente atención sanitaria á poboación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza de xeito inmediato para cubrir a praza de persoal facultativo que nestes momentos está vacante no centro de saúde de Lousame?
- . Que previsións ten respecto da data da súa cobertura, nas mesmas condicións existentes ata a data de xubilación do anterior facultativo?
- . Comprométese a facilitar toda a información aos e ás pacientes asignadas ao mencionado médico sobre a previsións de cobertura desa praza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/06/2023 17:10:17

María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2023 17:10:39

Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2023 17:10:56

Iria Carreira Pazos na data 19/06/2023 17:11:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonso, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza respecto da negociación do convenio colectivo do sector do metal da provincia de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de xuño os sindicatos maioritarios no sector do metal da provincia de Pontevedra convocaron unha xornada de folga que foi secundada maioritariamente polos traballadores e traballadoras que se manifestaron polas rúas de Vigo reivindicando un convenio xusto para o sector.

Despois de case que 14 anos desde as últimas mobilizacións, a clase traballadora do metal volveu saír á rúa para esixir o desbloqueo do novo convenio provincial, o maior de toda a provincia xa que afecta a unhas 30.000 traballadoras e traballadores.

Este convenio provincial foi durante moito tempo unha referencia para a mellora das condicións de traballo en outros moitos sectores, e nos últimos acordos xa padeceu algúns retrocesos polo que non se pode permitir que unha vez máis fiquese reducido a papel mollado.

Hai que ter en conta que a día de hoxe xa hai convenios doutras actividades, moito menos duras do punto de vista da carga laboral, que xa teñen mellores condicións. E que no último ano asináronse os convenios colectivos do sector do metal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das provincias da Coruña, Lugo e Ourense con condición laborais claramente mellores que as que pon enriba da mesa a patronal de Pontevedra nesta negociación.

As centrais sindicais xa teñen convocadas novas xornadas de folga para os días 20 e 22, e tras doce reunións sen avances, co novo convenio nun punto morto, a Consellaría de Promoción do Emprego, e concretamente a Dirección Xeral de Relacións Laborais, ten que implicarse para impulsar unha negociación real que impida o empobrecemento dos salarios e garanta unhas condicións laborais dignas no convenio do Metal.

As reivindicacións sindicais dunha condicións salariais e laborais xustas e dignas no sector son fundamentais para evitar a escaseza de persoal cualificado, fundamentalmente pola marcha do mesmo fora da Galiza en busca de mellores condicións laborais. A precarización non fai senón incidir na falta de persoal cualificado nunha industria que é estratéxica para a comarca de Vigo. Fortalecer a competitividade do sector ten que pasar por poñer en valor a súa enorme cualificación e capacidade innovadora e non a través de empregos cada vez máis precarios e con salarios cada vez máis baixos.

Ademais, as administracións públicas deben garantir que as axudas públicas, como as destinadas á denominada industria 4.0 ou aos PERTE da automoción ou do naval, deben estar condicionadas a garantir a carga de traballo e as condicións laborais, e non poden servir baixo ningún concepto para subvencionar con diñeiro público a precariedade nin para facilitar a creación de emprego low cost.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece o Goberno Galego a situación na que se atopa a negociación do convenio colectivo do metal na provincia de Pontevedra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten contactos formais a Xunta de Galiza coas partes negociadoras deste convenio colectivo?
- Que valoración fai o Goberno Galego das demandas laborais dos traballadores e traballadoras na negociación do convenio?
- Considera o Goberno Galego que a precarización das condicións laborais neste sector inciden na falta de persoal cualificado?
- Como valora o Goberno Galego o bloqueo por parte da patronal do novo convenio colectivo do sector do metal na provincia de Pontevedra, cando se teñen asinado no último ano os acordos na Coruña, en Lugo e en Ourense con condicións similares ás reivindicadas polas organizacións sindicais?
- Considera o Goberno Galego que, en tanto que autoridade laboral, debe implicarse de maneira activa e decidida na negociación do convenio colectivo do sector do metal da provincia de Pontevedra para garantir a mellora das condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras?
- Pensa o Goberno Galego convocar de maneira inmediata a todas as partes (organizacións sindicais e patronal) a unha mesa de diálogo?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/06/2023 12:27:29

Daniel Pérez López na data 20/06/2023 12:27:33

Carmela González Iglesias na data 20/06/2023 12:27:44





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Goberno galego dende 2009 a 2022 deixou sen gastar dos 5.977 millóns de euros asignados a políticas de emprego 1.954 millóns de euros, o 34,2 % do crédito asignado.

Esta afirmación provén dos datos facilitados polo Parlamento de Galicia sobre a execución orzamentaria.

Resaltar que dos fondos asignados para formación para o emprego, 1.604 millóns de euros para formación de persoas paradas e 439 millóns para ocupadas, quedaron sen gastar 656 millóns de formación para paradas e 207 millóns para ocupadas.

Nos tres orzamentos pechados nesta lexislatura, dos 364 millóns de crédito vixente para formación de desempregados, deixou sen gastar 200 millóns, o 55 % dos previstos.

En relación cos programas de fomento do emprego dos 1.024 millóns dos que dispuxo, deixou sen gastar un de cada tres euros.

Os orzamentos realizados polo Goberno do Partido popular son unha farsa porque non os executan con eles non son capaces de por en marcha unha política de formación para o emprego, partindo do análise das necesidades de quen demanda emprego e as necesidades do mercado laboral galego.



Por outra banda en Galicia hai 93.877 persoas paradas sen protección por desemprego, soamente o 30,8 % das persoas paradas está protexida, menos de unha de cada tres. Se analizamos os parados de longa duración, a protección por desemprego é para menos de un de cada catro, o 23,5 %.

Esta grave problemática ten que corríxila o Goberno galego, e por elo, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai realizar o Goberno galego un estudo das necesidades de quen demanda emprego e as necesidades do mercado laboral galego?
2. Que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia ante a situación na que se atopan as empresas galegas da falta de traballadores cualificados?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia da baixa execución orzamentaria en materia de emprego?
4. Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para corríxila?
5. Que medidas vai adoptar para formalos en competencias clave co fin de que os parados accedan a formación para o emprego?
6. Que parámetros está a seguir a Consellería de Emprego para ofertar a formación para o emprego para persoas paradas?
7. Que parámetros está a seguir a Consellería de Emprego para ofertar a formación para persoas traballadoras ocupadas?

Santiago de Compostela, 20 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178787

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2023 17:06:20
Nº Rexistro: 54676
Data envío: 20/06/2023 17:06:20.424

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/06/2023 17:00:13

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2023 17:00:23

Marina Ortega Otero na data 20/06/2023 17:00:31

CSV: BOPGDSPG-StvONqjst4-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178788

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Volve a época estival e con ela regresa o peche de camas na área sanitaria de Vigo por parte do Sergas, concretamente pechará 135 camas entre Hospital Álvaro Cunqueiro e o Meixoeiro.

Esta redución de camas prodúcese sempre no momento en que o persoal toma vacacións e causa unha diminución de atención, porque as intervencións cirúrxicas redúcense, ó igual que a capacidade de ingresos e de consultas.

Dende o Sergas decidiron clausurar no mes de xuño 65 camas do Complexo hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e amplialas ata 135 ao longos dos tres meses de verán. Os servizos afectados son Medicina Interna, Pediatría e Cardioloxía.

No Hospital Álvaro Cunqueiro xa se efectuou o peche dunha das dúas alas de hospitalización que ten asignada pediatría, son 35 camas destinadas a bebés. Outro peche será o 1 de xullo de Medicina Interna, con outras 35 camas.

No Meixoeiro o 1 de xullo está previsto clausurar a planta completa destinada a Medicina Interna, estarán así ata finais de setembro.

Esta medida, do peche das camas tanto no Cunqueiro coma no Meixoeiro, é outra das mostras da mala xestións da sanidade pública por parte da Xunta de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2023 17:07:27
Nº Rexistro: 54681
Data envío: 20/06/2023 17:07:27.174

Galicia que acontece todos os anos, sen que en ningún momento se lle poña unha solución por parte do Goberno autonómico.

O peche de 135 camas na área sanitaria de Vigo está causando malestar entre a cidadanía, que demanda unha solución ao problema, porque isto o único que fará é retrasar aínda máis a lista de espera para realizar operacións.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema sanitario galego, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os verdadeiros motivos polos que todos os anos o Sergas reduce o número de camas do Hospital Álvaro Cunqueiro e do Hospital do Meixoeiro os meses de xullo, agosto e setembro?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia algunha solución para non reducir o número de camas do Hospital Álvaro Cunqueiro e do Hospital do Meixoeiro nos meses de xullo, agosto e setembro?
3. Vai poñer en marcha a Consellería de Sanidade algunha medida para reducir a lista de espera nas operacións?

Santiago de Compostela, 20 de xuño do 2023

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178790

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2023 17:07:27
Nº Rexistro: 54681
Data envío: 20/06/2023 17:07:27.174

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/06/2023 17:04:19

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2023 17:04:28

Marina Ortega Otero na data 20/06/2023 17:04:36

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178791

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta acometer as melloras no servizo de abastecemento de auga comprometidas no concello de Betanzos e non executadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Betanzos ten a captación do seu sistema de abastecemento de auga potábel na bacía do río Mendo, no lugar da Acea, na parroquia de Bravío. No cauce do río, desde hai varias décadas, hai un azude para que a planta de captación poida succionar caudal suficiente para bombear á Estación Potabilizadora ubicada no lugar do Coto, parroquia de Requián.

O goberno galego asinou un convenio co Concello de Betanzos en xullo de 2016 no que se comprometía un orzamento dun millón de euros para melloras no servizo de abastecemento de auga e a capacidade dos procesos de potabilización. Augas de Galiza comprometíase con este convenio á realización dunha serie de obras de mellora que se levarían a cabo entre o 2016 e o 2019. A realidade foi outra, dado que a día de hoxe as obras están aínda por rematar, sufriron varias modificacións con respecto ao anuncio inicial- deixando sen renovar, por exemplo, a captación- e esixiron maiores achegas de cartos por parte da Facenda municipal e de sucesivas ampliacións de prazos.

Mentres tanto, a veciñanza de Betanzos continuou a soportar recorrentemente episodios onde a mala calidade do abastecemento domiciliario de auga era constante,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ben pola turbidez da auga subministrada como a consecuencia dos recorrentes episodios de contaminación que padece o Mendo ao longo de todo o seu percorrido, ben desde puntos de vertedura descoñecidos e de índole particular como debido aos fallos da rede pública de saneamento dos distintos concellos que dan beira con el.

Os continuos vertidos teñen ocasionado mesmo o peche da área de baño habilitada na parroquia de Reboredo, en Oza, debido á contaminación das augas. Como consecuencia, as análises da auga feitas pola Dirección Xeral de Saúde Pública detectaron contaminación biolóxica -un exceso de bacterias con unha carga de até 2.000 partículas por cada cen mililitros de auga- polo que se desconsellou o baño na zona, que o goberno galego e mais o executivo local resolveron riscando Reboredo das zonas de baño de Galiza, en vez de acometer as melloras nas redes de saneamento e vixilancia ambiental do cauce que debiera terse realizado.

Así as cousas, e con recorrentes episodios de vertedura que desde o BNG se veñen trasladando tanto aos Concellos afectados como ao Parlamento, o pasado 28 de maio trascendía unha intoxicación masiva entre a veciñanza de Betanzos. Se ben desde o centro de saúde se apuntaba á orixe da mesma na traída, os responsábeis sanitarios e municipais desmentiron tal extremo baseándose nunhas análíticas limitadas da empresa concesionaria até case unha semana despois. Desde entón, a localidade ten restricións sobre o consumo de auga e a concesionaria do servizo detectou, apenas hai uns días, o enésimo vertido ao río Mendo, augas arriba da captación da Acea, entre Oza-Cesuras e Coirós.

Se ben corresponde ao Concello de Betanzos o abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario, a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais, o artigo 4 da Lei 9/2010, de Augas de Galiza, establece como competencias da Xunta de Galiza en materia de augas, entre outras, a competencia exclusiva sobre as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

augas que discorren integramente dentro do territorio da Comunidade Autónoma para a súa ordenación administrativa ou xestión e protección de recursos hídricos e ecosistemas acuáticos e vinculados á auga.

Para xestionar as súas competencias, a Xunta ten creado o organismo Augas de Galiza, que ten por competencias, conforme ao artigo 11 da Lei de Augas de Galiza, entre outras, a ordenación dos servizos de abastecemento e de saneamento ou a autorización e o control das verteduras de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico, entre outras.

Finalmente, consonte o artigo 32 da mesma Lei declárase de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, que inclúe a regulación, a planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, a explotación e o mantemento das estacións depuradoras de augas residuais, as redes de colectores xerais e as conducións de verteduras que formen parte do Plan galego de saneamento e que estean declaradas como tales actuacións de interese da Comunidade Autónoma.

En consecuencia, malia seren unha competencia municipal, é competencia da Xunta garantir que as augas residuais que retornan aos ríos estean debidamente depuradas, así como o control e clausura de toda vertedura sen amparo legal.

Doutra banda, o norovirus que ten causado a clausura da traída betanceira, é un virus que só se transmite entre humanos, conforme teñen indicado as autoridades sanitarias. Quere dicir isto que, necesariamente, o vertido que ten contaminado a auga do servizo de abastecemento desde a captación se debe a augas residuais de orixe humana non depuradas, en caudal suficiente para comprometer a salubridade da lámina de auga que o Mendo arrastra. Extremo este que vén poñer en cuestión que estean a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprirse consonte ao disposto na Lei de Augas de Galiza as competencias que a Xunta e o seu ente Augas de Galiza teñen.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

De cantos vertidos ao río Mendo ten constancia a Xunta e Augas de Galiza no que vai de ano?

De que substancias se compoñen?

Que medidas tomou Augas de Galiza para evitar estes vertidos que afectan ao río Mendo e á Ría de Betanzos e que se veñen repetindo nos últimos anos?

Con que frecuencia se realizan inspeccións nas beiras do devandito río?

Cando ten pensado facer públicos os resultados das últimas analíticas efectuadas e confirmar se son ou non a causa do brote de gastroenterite en Betanzos?

Ten constancia a Xunta de deficiencias nos procesos depurativos das plantas de tratamento de augas residuais situadas en toda a conca do río Mendo augas arriba da captación da Acea (Betanzos)?

Cantas plantas de tratamento e de que tipo ten autorizadas a Xunta?

Comprométese a Xunta a acometer as melloras no servizo de abastecemento de auga e a capacidade dos procesos de potabilización, comprometidas desde 2016 e non executadas? En que prazo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/06/2023 11:41:32

Mercedes Queixas Zas na data 21/06/2023 11:41:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonzo, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a cobertura de prazas da escala de veterinarios mediante o proceso selectivo convocado mediante Resolución de 10 de decembro de 2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante Resolución de 10 de decembro de 2020 do Director Xeral da Función Pública, por delegación do Conselleiro de Facenda e Administración Pública, convocouse proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, de 73 prazas do corpo facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Xunta de Galiza, escala de veterinaria, correspondentes á oferta de emprego público do exercicio 2019, á que se acumulaban as das ofertas de 2017 e 2018. O sistema previsto para a selección das aspirantes era o de concurso-oposición.

Por Resolución de 3 de abril de 2023 o tribunal designado para xulgar o proceso selectivo convocado por Resolución de 10 de decembro de 2020 se fixo pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo que, consonte ao establecido na convocatoria, non superaba o número de prazas a cubrir.

Seleccionadas as aspirantes e emprazadas para a escolla de destino, resulta que non se lles permite escoller entre a totalidade das vacantes existentes, senón unicamente entre as pouco máis de 70 prazas discrecional ou arbitrariamente elixidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre as prazas ofertadas existen algunhas para a cuxa cobertura cumpre ter o doutoramento en materia agraria, o que limita as posibilidades de acceso a persoas que superaron o proceso selectivo. As prazas ofertadas corresponden principalmente a Pontevedra e Ourense o que, en moitos casos, obriga a realizar importantes desprazamentos e dificulta a conciliación familiar. Existen prazas que están afectadas por procesos de estabilización realizados ao abeiro da Lei 20/21.

O persoal afectado denuncia a existencia de vacantes “puras”, non ocupadas, que non se están a ofertar; denunciándose, igualmente, a existencia de posíbeis arbitrariedades derivadas de que se estean a ofertar unhas prazas ocupadas por interinos e outras, igualmente ocupadas por interinos en igualdade de condicións, non se oferten.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ofertáronse ás persoas que superaron o proceso selectivo para o acceso á escala de veterinaria, convocado por Resolución de 10 de decembro de 2020, a totalidade das prazas vacantes existentes da Admón. Xeral da Xunta de Galiza?

Cal é a relación de prazas vacantes no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Xunta de Galiza, na escala de veterinarios, e o estado de ocupación en cada caso, con indicación, no seu caso, do sistema utilizado para súa provisión ou cobertura?

Que criterio ou criterios aplicou a Xunta de Galiza para determinar as prazas que se ofertaron ás persoas que superaron o proceso selectivo?

Cal é a relación completa de prazas que se ofertaron ás persoas que superaron o proceso selectivo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/06/2023 13:54:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/06/2023 13:54:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/06/2023 13:54:43





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2023 17:00:40
Nº Rexistro: 54732
Data envío: 22/06/2023 17:00:40.209

Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En relación cos equipos técnicos de menores (ETM) en Galicia, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cantos técnicos hai en cada ETM de Galicia e cantos había hai 5 anos?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data **22/06/2023 16:52:53**

Julio Torrado Quintela na data **22/06/2023 16:53:03**

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
178800

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2023 17:01:01
Nº Rexistro: 54733
Data envío: 22/06/2023 17:01:01.678

Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En relación coa dispoñibilidade de prazas de atención residencial, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cantas prazas de atención residencial hai dispoñibles en Pontevedra? E cantas solicitudes hai en espera de PIA ou no PAR?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/06/2023 16:55:14

Julio Torrado Quintela na data 22/06/2023 16:55:24

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178801

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

En relación coa dispoñibilidade de prazas de atención residencial, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cantas prazas de atención residencial hai dispoñibles en Lugo? E cantas solicitudes hai en espera de PIA ou no PAR?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/06/2023 16:56:03

Julio Torrado Quintela na data 22/06/2023 16:56:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En relación coa dispoñibilidade de prazas de atención residencial, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cantas prazas de atención residencial hai dispoñibles na Coruña? E cantas solicitudes hai en espera de PIA ou no PAR?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/06/2023 16:56:46

Julio Torrado Quintela na data 22/06/2023 16:56:57





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2023 17:01:38
Nº Rexistro: 54736
Data envío: 22/06/2023 17:01:38.475

Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En relación coa dispoñibilidade de prazas de atención residencial, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cantas prazas de atención residencial hai dispoñibles en Ourense? E cantas solicitudes hai en espera de PIA ou no PAR?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/06/2023 16:57:32

Julio Torrado Quintela na data 22/06/2023 16:57:42

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178804

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2023 17:01:49
Nº Rexistro: 54737
Data envío: 22/06/2023 17:01:49.819

Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En relación co programa individual de atención (PIA), a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cantos cambio de PIA de oficio se fixeron para cambiar solicitudes ou PIA resoltos a outro servizo ou libranza nos últimos 10 anos?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/06/2023 16:58:13

Julio Torrado Quintela na data 22/06/2023 16:58:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
178805

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2023 17:02:02
Nº Rexistro: 54738
Data envío: 22/06/2023 17:02:02.178

Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En relación cos técnicos de inspección dependentes da Consellería de Política Social, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cantos técnicos de inspección hai dependentes da Consellería de Política Social? Cantos se dedican á supervisión de centros de atención residencial e cantos a centros de menores?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data **22/06/2023 16:59:51**

Julio Torrado Quintela na data **22/06/2023 17:00:01**

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
178806

@PSdeG



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

